

D I T A M E

*Ditame*  
**9/06**

sobre o anteproxecto de  
**Lei de modificación**  
**da Lei 5/1995, do 21 de maio,**  
**de ordenación farmacéutica**



APROBADO POLO PLENO O 4 DE OUTUBRO



Este documento está tamen dispoñible en  
**[www.ces-galicia.org](http://www.ces-galicia.org)**

## ■ ANTECEDENTES

**1.-** En data 1 de setembro tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame polo trámite de urxencia, o borrador do anteproxecto de Lei de modificación da Lei 5/1999, de 21 de maio, de ordenación farmacéutica.

**2.-** O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 2: *Sector público e benestar social*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.

**3.-** O día 4 de setembro, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 2 para o 11 de setembro, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

**4.-** A Comisión Sectorial, na súa sesión 12/06, acorda aprobar a proposta de ditame, con data 25 de setembro, e a remite ao presidente do Consello para a súa tramitación.

**5.-** O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 5/06, de 4 de outubro, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar por unanimidade o seguinte

### **DITAME**

*sobre o anteproxecto de Lei de modificación da Lei 5/1999, de 21 de maio, de ordenación farmacéutica.*

## ■ **ESTRUTURA E CONTIDO**

O presente Anteproxecto de Lei consta dun artigo único onde se reforma o apartado 5 do artigo 19 da Lei 5/1999, de 21 de maio, de ordenación farmacéutica, así como dunha disposición derogatoria e dun preámbulo explicativo do obxectivo e causa da modificación.

## ■ **CONSIDERACIÓN XERAL**

O CES considera oportuna a presente modificación, non procedendo facer observación adicional algunha ao presente anteproxecto de Lei.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2006

Vº e P.  
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Pablo Egerique Martínez

Asdo.: Eliseo Sastre Serrano